



Concello de Guitiriz

Anuncio nº5 do Tribunal de selección de 3 peóns de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre (OEP de 2017 e 2019, estabilización de emprego temporal do art. 19.Uno.7. da LOXE de 2018, e art. 28 LEPG). Expte: 889/2019.

O Tribunal do proceso selectivo de referencia na sesión de data 4/11/2020 ACORDOU por unanimidade:

1º.-Aceptar a alegación de Manuel Vázquez Ares de data 3/11/2020 sobre a realización do exame do día 29/10/2020 en idioma galego. O Tribunal considera que aínda que o opositor non pediu nese momento o exame en galego, si que o solicitou na súa instancia ao proceso selectivo, polo que poido vulnerarse o establecido nos artigos 13 c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 51.3 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, polo que aceptase dita alegación e propónse á alcaldía, previa audiencia ao resto de opositores interesados, a repetición do exercicio a todos os aspirantes presentados para garantir o principio de igualdade, dando a opción de facer o exercicio en galego a aqueles aspirantes que así o habían indicado na súa solicitude. Non se analizan, en consecuencia, o resto de alegacións presentadas por 5 aspirantes a preguntas concretas do exercicio.

2º.- Publicar o correspondente anuncio na páxina web e na sede electrónica municipais, outorgando un prazo de 3 días hábiles aos demais interesados para posibles alegacións á proposta do Tribunal de repetir o exercicio as 13 persoas que se presentaron ao mesmo.

Guitiriz, 4 de novembro de 2020
Documento asinado electronicamente

O secretario do Tribunal
Rafael del Barrio Berbel
Secretario do Concello de Guitiriz

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: AWQ9HKL3KTHFJTMNMYKZNM7M | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1